

# CALENDARIO DE VACINACIÓN DE ADULTOS

Neste calendario, que está vixente desde o 3 de xullo do 2017, destaca a incorporación da vacina antipneumocócica conxugada que se administrará ás persoas que vaian cumprindo os 65 anos (nadas a partir do 1 de xaneiro de 1952) e se manteñen, ó mesmo tempo, as indicacións para os grupos de risco de calquera idade. A vacina polisacárida pasará a administrarse ós 66 anos.

No calendario tamén se especifican as recomendacións de vacinación para a poboación adulta fronte ao tétano, difteria, tose ferina, sarampelo, rubéola, parotidite, hepatite B, gripe, varicela, virus do papiloma humano (VPH) e meningococo C.

A vacinación fronte ao tétano/difteria indícarase a todos os adultos non vacinados previamente ou coa primovacinação incompleta, así como para a profilaxe antitetánica en feridas.


As mulleres embarazadas entre a semana 28 e 36 de xestación, preferiblemente na semana 32, deberán recibir unha dose da vacina difteria-tétano-tose ferina acelular de baixa carga antixénica.






Anualmente vacínanse da gripe as persoas de 60 ou máis anos de idade e as que presenten risco de complicacións. A vacinación antigripal do persoal sanitario resulta imprescindible para evitar a transmisión da enfermidade a pacientes con alto risco de complicacións así como o seu propio padecemento.

A vacinación con tripla vírica recoméndase segundo a data de nacemento, o padecemento previo da enfermidade e o estado inmunitario, e se establece a pauta de vacinación segundo o caso; tamén se realizan as recomendacións para a vacinación das mulleres embarazadas susceptibles despois do parto.

Por outra banda, a vacina fronte ao VPH indícaráselle a todas as mulleres nadas a partir do 1994 que non fosen vacinadas previamente. Cabe destacar, pola súa importancia, a vacinación das mulleres conizadas nos 6 últimos meses por lesións intraepiteliais de grado CIN 2 ou superior, debido ao maior risco de recorrencia ben por reinfección ou reactivación.

Cartel\_calendario\_vacinación\_adultos.jpg



|   |   |
|---|---|
| <b>Nota informativa sobre a vacinación antipneumocócica conxugada en pacientes en residencias da terceira idade - Setembro 2020</b>  | > |
| <b>Nota informativa sobre a vacinación dos adultos coa vacina tripla vírica - Setembro 2019</b>                                      | > |
| <b>Documento do Calendario de Vacinación de Adultos. Xullo 2017</b>    | > |
| <b>Cartel do Calendario de Vacinación de Adultos</b>   | > |
| <b>Aclaracións acerca da vacinación do adulto (Venres Epidemiolóxico)</b>    | > |